



A pedra: tempo e materia

5º RESIDENCIA DE CREADORES E CREADORAS EMERXENTES

A Real Academia Galega de Belas Artes (RAGBA), as universidades de Santiago, Vigo e A Coruña e os conservatorios superiores de música da Coruña e Vigo, veñen organizando desde o ano 2018 unha serie de actividades que pretenden establecer sinerxías entre os distintos centros de formación artística superior en Galicia. No 2023 súmanse á iniciativa as escolas de arte de A Coruña, Santiago, Lugo e Ourense mais a Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Vigo.

A RESIDENCIA DE CREADORES E CREADORAS EMERXENTES (Encontros de Mariñán) é unha das mais salientables destas actividades. Consiste nunhas residencias artísticas que se celebran no Pazo de Mariñán (Bergondo) da Deputación da Coruña do 25 ao 29 de xuño de 2024.

Nela reúnense estudantes das institucións formativas implicadas para, traballando de forma conxunta, desenvolver in situ proxectos creativos de índole interdisciplinaria.

Cara aos encontros do 2024, ano no que a RAGBA homenaxea escultor Francisco Asorey, partindo da súa obra propónse como eido de reflexión común, tránsito ou chegada dos procesos de creación, a temática:

«A PEDRA: TEMPO E MATERIA».

En que data se desenvolven Encontros de Mariñán?

Dende o martes 25 ao sábado 29 de xuño de 2024.

Que implica a participación nos Encontros de Mariñán?

O alumnado e profesorado participante comprométese a pernoctar de martes a sábado no Pazo de Mariñán e a desenvolver un proxecto de creación propia relacionado co tema establecido. Asimesmo, participará nas actividades establecidas dentro do programa académico (debates, concertos, actuacións ...).

O profesorado actuará como representante da Escola nos actos que así o requiran, como responsable do alumnado da Escola e velará polo correcto desenvolvemento da estada no Pazo de Mariñán.

Cantas prazas oferta a EASD Pablo Picasso?

- 3 prazas para alumnado (aínda por confirmar).
- 2 prazas para profesorado.

Quen pode solicitalas?

As prazas para alumnado poden ser solicitadas por estudantes con matrícula no curso 2023/24 de calquera das especialidades formativas impartidas na Escola.

As prazas de profesorado poden solicitalas os docentes destinados na Escola no presente curso 2023/24.

A pedra: tempo e materia

5ª RESIDENCIA DE CREADORES E CREADORAS EMERXENTES

Que inclúe a praza para alumnado nos Encontros de Mariñán?

- Aloxamento en habitación dobre no Pazo de Mariñán en réxime de pensión completa de martes a sábado.
- Desprazamento ida e volta.
- Material para desenvolver o proxecto.

Son alumna/o, como solicito unha praza?

O alumnado interesado en participar nos Encontros de Mariñán deberá presentar unha proposta de proxecto (en fase de borrador ou ideación) baseada na figura homenaxeada (**Francisco Asorey**) ou na temática prevista: «**A PEDRA: TEMPO E MATERIA**».

A proposta pódese formular individualmente ou por parellas (da mesma especialidade formativa ou interdisciplinares). A extensión desta proposta non excederá de 10 páxinas e deberá incluír:

1. Portada: Inclúe o nome do programa, o nome e apelidos dos/as autores e das especialidades formativas que cursan na Escola.
2. Xustificación da proposta: idea ou esbozo da proposta que se desenvolverá. Non se pide un remate final da actividade, senón unha explicación xustificada do traballo que se vai desenvolver, cun acompañamento visual mínimo, para que se poida apreciar o mellor posible a proposta presentada.
3. Orzamento da proposta.

Para preparar a proposta, a organización dos Encontros elaborou un dossier informativo que pode ser descargado dende a web da Escola.

A proposta deberá enviarse a: escola.arte.pablo.picasso@edu.xunta.gal

Como se avalían as propostas?

Para a valoración das propostas, designarase unha comisión integrada pola Dirección e catro docentes, que terán en conta os seguintes aspectos:

1. Orixinalidade e creatividade da proposta: ata 6 pts.
2. Xustificación e viabilidade da proposta: ata 4 pts.
3. Interdisciplinabilidade dos membros da parella (se é o caso): ata 1 punto extra.

A puntuación será a media das cualificacións de cada persoa integrante da comisión. A adxudicación das prazas de participación será definitiva e será comunicada por correo ou teléfono ás persoas seleccionadas.

Que inclúe a praza para docente nos Encontros de Mariñán?

- Aloxamento en habitación individual no Pazo de Mariñán en réxime de pensión completa demartes a sábado.
- Dietas para o desprazamento ida e volta.
- Material para desenvolver o proxecto.

Son docente, como solicito unha praza?

Para solicitar formalmente a participación, debes enviar un correo electrónico ao enderezo da Escola (escola.arte.pablo.picasso@edu.xunta.gal) ou comunicar verbalmente o teu interese en participar.

No caso de haber máis solicitudes que prazas, a asignación dependerá das especialidades formativas que curse o alumnado seleccionado. Polo tanto, terán prioridade aqueles profesores/as cuxo alumnado participe nos Encontros.

Cal é o prazo de solicitude de participación?

Tanto alumnado como profesorado poderá solicitar a súa participación e enviar a proposta entre o martes 12 e o venres 22 de marzo de 2024.

Unha vez confirmado o número de prazas das que dispón a Escola, comunicarase a adxudicación de prazas e a listaxe de agarda.